Banda de Gaitas do Padroado da Cultura de Narón

A Escola de Gaita do Padroado nace no 1982, coa finalidade de salvagardar e difundir a música tradicional galega. Tres anos despois créase a Banda de Gaitas.

No ano 1987, anóvase gran parte da formación e, desde entón a Banda de Gaitas de Narón ven actuando sen interrupción en numerosos concellos galegos, do estado español e de Portugal.

A actual formación está integrada por 45 compoñentes de diferentes idades, resultantes da formación integral de músicos tradicionais que e desenvolve nas Escolas Municipais de gaita, percusión (tambor e bombo) e pandeireta de Narón, ás que asisten arredor de 300 alumnos e alumnas que realizan unha media de 30 actuacións anuais.

A Banda está dirixida por Román Romero Franco.

As gaitas da Banda contruídas no Obradoiro de Gaitas Seivane, están afinadas en si natural.

Os intrumentos de percusión está feitos artesanalmente no Obradoiro de Construción de Instruments Tradicionais de Percusión que o Padroado da Cultura ofrece á poboación naronesa

A Banda de Gaitas de Narón é unha das máis antigas da comarca.

Destaca a súa participación na Inauguración da Expode Lisboa no ano 1998, no Festival Folclórico de Coimbra, no Festival Internacional de Folclore de Relva, na Ilha de San Miguel de Azores ou no Festival de Albacete.

Son de salientar tamén as actuacións habituais nas Festas de San Joao de Braga, no Festival Intercéltico de Aínsa, ou no Festival de Folclore Internacional de Narón, e en multitude de festas e romerías populares.

O repertorio que adoita interpretar a Banda de Gaitas de Narón é de corte tradicional: muiñeiras, xotas,mazurcas, alboradas, pasodobres,... recuperadas por diversos colectivos que realizan traballos de investigación de campo.

O repertorio inclúe tamén pezas compostas pornovos autores, que aportan composicións orixinais co máis puro sabor galego, como parte da aposta do Concello de Narón pola promoción e desenvolvemento de novos valores da Música Galega, enraizados no mellor da nosa tradición musical.

Grupo de música e danza tradicional "Alxibeira" Padroado da Cultura de Narón

"ALXIBEIRA" é un grupo de mozos e mozas con idades comprendidas entre os 15 e os 30 anos, unidos por un mesmo espírito de recuperación das nosas tradicións máis xenuinas.

A súa creación tivo lugar a finais do 1986, e os seus compoñentes pertencían ás diversas Escolas de Baile Tradicional que o Padroado da Cultura do Concello de Narón tiña espalladas polas parroquias, e a distintos entes privados e públicos , todos eles dentro do propio Concello.

A idea da formación do Grupo xurde do Padroado da Cultura, cun obxectivo claro e preciso: a revalorización do folclore e costumes de Galicia, e a recuperación das nosas tradicións, fundamentando os traballos de investigación nas verdadeiras raíces autóctonas.

Para elo, "ALXIBEIRA" incia un arduo traballo de investigación por diversas zonas da xeografía galega, en busca de bailes, cancións..., e de todo aquelo que puidera estar relacionado dalgún xeito coa Cultura Tradicional Galega.

Con todos estes datos elabora o seu repertorio composto por algúns dos bailes máis representativos de cada zona, e tamén por un bo número de cancións, coa intención de busca-los matices peculiares de cada comarca.

No que concerne ó vestiario, tódolos traxes foron reconstruídos seguindo fielmente os patróns e tecidos dos traxes antigos, e incluso conserva, a Agrupación, algunhas das pezas orixinais, obtidos gracias ás xentes das aldeas que aínda os gardaban celosamente en antigos arcóns.

"ALXIBEIRA" crese na obriga de continuar investigando, como unha tarefa a realizar "moi urxentemente", pois do contrario, en moi poucos anos, todas estas tradicións e usos cotiáns de divertimento, que foron un proceso de varios séculos de tradición, interrumpidos nestas catro ou cinco décadas, caerán no esquecemento, chegando incluso a desaparecer.

A presentación oficial de "ALXIBEIRA" tivo lugar o 30 de xullo de 1988. Na actualidade, os xóvenes que integran a agrupación pertencen á segunda formación.

O seu repertorio está formado por bailes, cantigas e músicas propias de aldeas de Lugo, Pontevedra e A Coruña, sendo ésta última a que acada máior protagonismo, centrándose principalmente nas comarcas de Bergantiños e Xallas; así, consta con maneos: Mira, Cabaleiros...; muiñeiras vellas: Vilela, Veiga de Brañas; jotas: San Salvador, Imende; mazurcas; pasodobles...

Grupo de danzas "Bakalama" Senegal

A riqueza de Senegal é a diversidade da súa poboación: Wolof, Toucouleur, Serere, Diola e Bassari, todas etnias que conforman Senegal e que reúnen moitas tradicións diferentes.

Bakalama creouse como unha organización benéfica en 1972 co fin de apoiar o desenvolvemento e o avance da aldea de Thionck-Essyl. Foi por esta causa que Bakalama comezou a presentar a súa cultura en todo o mundo.

Bakalama é un nome cunha longa historia sobre as costumes e a cultura de Thionck- Essyl. O nome significa cabaza: un mago que vive nas vides. A cabaza simboliza a unidade e a solidariedade. O noso grupo participa en moitos intercambios culturais en todo o mundo para participar no desenvolvemento económico e cultural de Senegal.

Ademais, o grupo cre que é posible unir ás persoas mediante o intercambio da nosa cultura e o traballo cara unha mellor comprensión e tolerancia mutua.

Bakalama tamén ofrece os seguintes talleres:

- Cancións e bailes tradicionais
- Danzas modernas e africanas
- Teatro
- Tambores: sabar, djembé, sowrouba, congas…

Na súa propia escola, Bakalama adestra aos seus futuros artistas e tamén a estudantes de toda Europa: Francia, Inglaterra e Bélxica…

Grupo de danzas "Bakalama" Senegal

A riqueza de Senegal é a diversidade da súa poboación: Wolof, Toucouleur, Serere, Diola e Bassari, todas etnias que conforman Senegal e que reúnen moitas tradicións diferentes.

Bakalama creouse como unha organización benéfica en 1972 co fin de apoiar o desenvolvemento e o avance da aldea de Thionck-Essyl. Foi por esta causa que Bakalama comezou a presentar a súa cultura en todo o mundo.

Bakalama é un nome cunha longa historia sobre as costumes e a cultura de Thionck- Essyl. O nome significa cabaza: un mago que vive nas vides. A cabaza simboliza a unidade e a solidariedade. O noso grupo participa en moitos intercambios culturais en todo o mundo para participar no desenvolvemento económico e cultural de Senegal.

Ademais, o grupo cre que é posible unir ás persoas mediante o intercambio da nosa cultura e o traballo cara unha mellor comprensión e tolerancia mutua.

Bakalama tamén ofrece os seguintes talleres:

- Cancións e bailes tradicionais
- Danzas modernas e africanas
- Teatro
- Tambores: sabar, djembé, sowrouba, congas…

Na súa propia escola, Bakalama adestra aos seus futuros artistas e tamén a estudantes de toda Europa: Francia, Inglaterra e Bélxica…

Grupo de Danzas "Magisterio" Albacete

O Grupo de Danzas Maxisterio fundouse no curso 1977/78 no seo da facultade de educación da Universidade de Castela a Mancha; antes chamada Escola de Maxisterio, tomando dela o nome de "Maxisterio". Desde o ano 80 funciona como Asociación Cultural, colaborando con entidades institucionais e culturais dentro do campo do baile e músicas tradicionais.

A dirección, desde a súa fundación, corre a cargo de Dª Ángela Domínguez, profesora emérita da Escola Universitaria e compañeira, tanto docente como colaboradora, da folklorista albaceteña Dª Carmen Ibáñez.

Na actualidade está formado por 50 socios dos que 15 pertencen á música, 2 ao corpo técnico e o resto o corpo de baile. Os instrumentos que utiliza son: bandurrias, laúdes, guitarras, guitarro, viola e as percusións tradicionais da cada zona.

Desde a súa fundación ata a actualidade leva 1310 representacións datadas, actuando na práctica totalidade das comunidades autónomas de España, así como en 20 países de Europa, América e Asia. Tamén é de destacar as súas actuacións para documentais en TVE e programas nas TV locais de Albacete. Participou na curtametraxe "O Carromato" de Gabriel Oliveiras e realizou tamén a súa banda sonora.

O seu repertorio consta de Seguidillas, Xotas, Torrás, Pardicas, Fandangos, Malagueñas, Danza de hombres, Gandulas, Hierbabuena, que forman un total de 53 pezas recollidas no lugar de orixe do propio grupo, na provincia de Albacete e zona de influencia. Ademais recolleu 46 cancións entre Maios, Aguilandero, Cantos de matanza, de voda, panxoliñas, romances, tonás de quintos, etc., así como outras seguidillas e xotas.

As representacións adáptanse a unha duración entre 20 e 75 minutos tanto en teatros como ao aire libre.
Dispón tamén de "A Cuadrilla de Maxisterio" no apartado de músicas tradicionais.

O grupo, para as súas representacións, conta co vestiario tradicional da serra, da zona da Mancha, Caudete e da comarca de Hellín e de Villarrobledo, así como a vestimenta para as danzas de homes, danzas rituais e danza de pastores.

Conxunto coreográfico "Ecos da Montaña" Daguestán

O conxunto coreográfico "Echo of the Mountains", creado en 2004, é un grupo moi novo, tanto pola súa data de creación, como pola idade dos seus compoñentes. Este novo corpo de baile son o apoio principal da súa directora, gañadora do Premio Republicano "Alma de Daguestán", Daudbeka Hasanov, que logrou en pouco tempo formar un conxunto de persoas de ideas afíns. O conxunto "Echo of the Mountain" - é Daguestán en miniatura e representan danzas típicas de todos os pobos que conforman o seu país.

A base do repertorio é, por suposto, lezginka. Lezginka encarna o espírito marcial patriótico dos pobos das montañas, o respecto e a actitude coidadosa cara ao amado. Aínda que tradicionalmente a danza era un baile de parella, hoxe en día preséntase principalmente nas representacións de conxunto. Pero en ambos casos evoca un constante pracer e emoción. A singularidade do baile non é só iso, tanto os homes como as mulleres póñense na punta dos pés mentres bailan.

O programa componse de 14 danzas dos pobos de Daguestán e as repúblicas do norte do Cáucaso. No repertorio do conxunto tamén hai un baile "Amizade das Nacións", que mostra a presentación dos pobos que algunha vez estiveron unidos na Unión Soviética. A verdadeira riqueza do grupo son 14 tipos de traxes nacionais realizados por bosquexos de etnógrafos do folclore. Todos os traxes son na súa maioría similares á roupa dos pobos de Daguestán no seu orixinal.

Tambores, sons plañideros de zurna e frautas, melodioso discurso de acordeón: ese é o son tradicional da orquestra que acompaña á coreografía de Dagestán. No conxunto "Echo of the Mountains" hai seis músicos que tocan case todos os instrumentos nacionais. O conxunto «Echo of the Mountains participou en diferentes festivais artísticos e creativos nacionais e internacionais . Nos últimos anos, os participantes do grupo presentaron a cultura de Daguestán e Rusia en Turquía, Hungría, Italia, España, Suíza, Ucraína, e moitas cidades rusas.

Khasavyurt desenvolveuse historicamente como unha cidade multiétnica e multirrelixiosa cunha actitude tolerante. Hai idiomas mixtos, costumes, danza e tradicións musicais de Daguestán. Estas tradicións son gardadas coidadosamente polos bailaríns do conxunto.

Compañía artística "CreaDanza" Colombia

O 20 de novembro do ano 2013 nace a Compañía Artística CreaDanza, baseada nunha nova xeración de bailaríns cunha nova proposta artística folclórica contemporánea. O obxectivo principal é a tradición, dai partimos, facer un traballo que brinde ao espectador unha imaxe diferente das tradicións e costumes da danza autóctona Colombiana. Así mesmo a compañía " CreaDanza" conta cun excelente acompañamento musical en vivo.

A través da danza a compañía " CreaDanza" busca tamén orientar aos seus integrantes para que alcancen unha formación humana, social e técnica, que lles permita medrar como persoas, contribuír a lograr unha sociedade mellor e, así, ser capaces de producir coñecementos por medio de procesos investigativos que respondan as necesidades do medio da man da súa afinidade pola danza.

Traxectoria artística:

- Congreso interamericano de danza Quito- Ecuador Agos- Ecuador marzo 2014
- XVI encontro nacional de danza “Nuestra Tierra” Yumbo- Val do 26 ao 30 de puño de 2014
- I Encontro de Danza Tradicional Nariñense e Gueñena “ Leyendas de una tierra de mil colores” San Juan de Pasto 1 r 2 de agosto de 2014
- V Festival Internacional de Danza “Ipial de Oro” Ipiales 27 de Setembro.
- 9 encontro de Arte “As nosas raíces” Manta- Ecuador 11 ao 13 de outubro
- VI Festival de danza por parella “Fundanzarte 2014” do 24 ao 26 de outubro- Cali - Val do Cauca
- I Encontro nacional e internacional de danza folclórica en parella. Quimbaya - Ciudade da Luz de Colombia, decembro de 2014
- 43 Festival folclórico Colombiano e 28 Festival “Guillermo Giraldo” Ibagué - Tolima, xuño de 2015
- 2º Festival “Tejiendo sueños Ninawilka” en Tulcán- Ecuador, ano 2016
- IV Festival nacional de danza folclórica en parella “Julian Ramos” en abril de 2017 en Cali. Val do Cauca

Director:
Jorge Armando Naspucil Chaves

Técnico laboral en danzas folclóricas Colombianas, agregado do Instituto Popular de Cultura de Cali . Gañador da bolsa Colombia Creativa do Ministerio de Cultura. Cursa 9 semestre de licenciatura en danza na universidade de Antioquia, director da rede danza Ipiales, director do festival " Ipiales danza”. Invitado especial como mestre en danza do folclor nariñense na xira a Europa 2017 nos países de Bélxica, Francia e España.